

Especiais e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptaren as medidas necesarias para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO

Lugo.

Concello: Burela.

Código centro: 27013958.

Centro: IES Monte Castelo.

Código ciclo: CS02002.

Ciclo: animación de actividades físicas e deportivas.

Ourense.

Concello: Carballeda de Valdeorras.

Código centro: 32016467.

Centro: IES Sección de Sobradelo-Carballeda.

Código ciclo: M218008.

Ciclo: cubrición de edificios: lousas.

Concello: Maceda.

Código centro: 32016467.

Centro: IES San Mamede.

Código: CM14001.

Ciclo: explotación de sistemas informáticos.

Pontevedra

Concello: A Guarda.

Código centro: 36019244.

Centro: IES A Sangriña.

Código ciclo: CM16001.

Ciclo: Carrozaría.

*Orde do 19 de outubro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de axudas económicas para a realización de actividades de formación dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2007 e organizadas polos movementos de renovación pedagóxica ou polas asociacións e fundacións con fins pedagóxicos.*

Por Orde do 28 de maio de 2007 (DOG do 6 de xuño), convéronse axudas económicas para a realización de actividades de formación dirixidas ao profesorado de niveis non-universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2007 e organizadas polos movementos de renovación pedagóxica ou polas asociacións e fundacións con fins pedagóxicos, legalmente constituídas, aprobáronse as súas bases reguladoras.

Vista a proposta formulada pola comisión de selección, e de conformidade coa base 10 da convocatoria,

### RESOLVO:

Primeiro.-Conceder, con cargo ao concepto orzamentario 09.02.4221.481.0, as axudas que se relacionan no anexo I desta orde.

Segundo.-Denegar as axudas solicitadas, polos motivos que se especifican, ás asociacións que figuran no anexo II desta orde.

Terceiro.-O pagamento das axudas económicas farase unha vez realizada a debida xustificación. A xustificación farase de xeito individualizado, por actividade, segundo a cantidade asignada pola comisión de selección.

Cuarto.-O prazo de xustificación das actividades realizadas ata o 30 de setembro de 2007 será dentro dos dez días hábiles seguintes ao da publicación desta orde de resolución de convocatoria; as actividades que se realicen en outubro e novembro deberán xustificarse antes do 30 de novembro do mesmo ano.

Quinto.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Sexto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO I

Convocatoria de axudas a MRPS e asociacións.  
Orde do 28 de maio de 2007 (DOG do 6 de xuño)  
Axudas concedidas

ENTIDADE	AXUDA
ANPE	7.981,03 EUROS
ANLLAR- ASOC. GALEGA DE PROMOCIÓN E FORMACIÓN PERMANENTE	2.977,77 EUROS
APETEGA-ASOC. DE PROFESORES DE TECNOLOXÍA DE GALICIA	1.640,70 EUROS
ASOC. ENSIN. DO SALNÉS-CANDEA	2.594,19 EUROS
ASOC. PEDAGÓXICO-CULTURAL SOUTULLO	2.155,18 EUROS
ASOC. DE PROF. DE INGLÉS-APIGA	1.046,26 EUROS
ASOC. SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA-ASPG	9.462,40 EUROS
ASOC. GALEGA DA LINGUA	2.029,44 EUROS
CIG-ENSINO	11.000,00 EUROS
ESCOLA PARA TODOS	969,15 EUROS
ESCOLA VIVA	11.000,00 EUROS
FEDERACIÓN DO ENSINO DE CC.OO.	7.113,08 EUROS

ENTIDADE	AXUDA
FETE-UGT GALICIA	9.998,76 EUROS
FUNDACIÓN QUINESIA	692,03 EUROS
MRP APJEGP	7.255,51 EUROS
MRP ASPGP	7.338,31 EUROS
MRP ESC. VERÁN UNIV. POPULAR DE CORCUBIÓN	3.707,92 EUROS
MRP LUCUS	1.456,35 EUROS
NOVA ESCOLA GALEGA	5.176,69 EUROS
STEG-SIND. TRABALLADORES DO ENSINO	4.405,21 EUROS
TOTAL	100.000 EUROS

## ANEXO II

### Axudas denegadas

Entidade	Nome da actividade	Motivo da denegación
Asoc. Socio-Pedagóxica Galega- ASPG	Programacións e unidades didácticas (ensino infantil)	Disposición décimo primeira
CIG-Ensino	Orientación para a elaboración de programación e unidades didácticas na etapa de educación primaria	Disposición décimo primeira
CIG-Ensino	Elaboración de programación e unidades didácticas. Primaria	Disposición décimo primeira
Fundación Valle del Sil	Deseño curricular: adaptación á LOE	Disposición primeira
Fundación Valle del Sil	Deseños curriculares: TIC aplicadas ao laboratorio de ciencias	Disposición primeira
STEG-Sind. Traballadores do ensino	A orientación psicopedagóxica a debate	Disposición décimo primeira

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 24 de outubro de 2007 pola que se amplía o prazo máximo de xustificación dos investimentos realizados ao abeiro da Orde do 11 de maio, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento do asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola en Galicia, e se convocan para o ano 2007.*

A Consellería do Medio Rural convocou para o ano 2007 axudas a entidades asociativas que impulsen modelos de utilización de maquinaria e equipamentos de xeito colectivo, reducindo deste xeito o impacto que supoñen os elevados prezos de adquisición e amortización nas explotacións galegas, mediante a Orde do 11 de maio (DOG nº 95, do 18 de maio).

Nesa orde establécese que o prazo máximo de xustificación dos investimentos obxecto da axuda non poderá superar con carácter xeral a data do 31 de outubro de 2007, agás para aqueles investimentos en construcións, que poderán ser xustificadas ata o 31 de outubro do ano seguinte.

O mesmo artigo 15º establece na súa redacción as consecuencias derivadas do incumprimento deste prazo, chegando mesmo á perda da subvención concedida.

O atraso na publicación da normativa, xunto coas dificultades e longo prazo de presentación da documentación acreditativa, así como o número elevado de solicitudes, motivou que o proceso de avaliación e resolución dos expedientes se alongase máis alá do previsto, polo que se entende necesario ampliar o prazo máximo establecido na citada orde para a xustificación dos expedientes nesta anualidade.

Por todo o exposto, e de acordo co establecido no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

### DISPOÑO:

Artigo único.-A presente orde ten por obxecto modificar o parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 15 da Orde do 11 de maio de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento do asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola en Galicia, e se convocan para o ano 2007, que quedaría redactado como segue:

Artigo 15º.-Xustificación e pagamento.

1. A xustificación do gasto correspondente aos investimentos subvencionables para cada unha das liñas de axuda reguladas nesta orde, deberase realizar antes do 30 de novembro do ano en curso, agás os investimentos en construcións que poderán ser xustificadas ata o 31 de outubro do ano seguinte.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2007.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Resolución do 3 de outubro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dita a normativa para a pesca da lamprea no río Tea e se fixa o período e as condicións para presentar as solicitudes para participar no sorteo de postos de pesca, no vindeiro ano 2008.*

De conformidade coa disposición adicional cuarta da Orde do 6 de febreiro de 2007, pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a temporeta de 2007, na cal se faculta o delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Pontevedra para ditar cantas normas sexan necesarias para a regulación da pesca da lamprea no río Tea, e co obxecto de que se realice un aproveitamento ordenado da dita pesca, establécese un réxime especial para o vindeiro ano 2008 que só poderá practicarse desde 700 metros augas abaixo da ponte romana de Pontearreas ata a confluencia do Tea co río Miño e coas limitacións que a seguir se indican:

-Os pescadores interesados nesta pesca deberán participar no sorteo público que realice o Servizo de Conservación da Natureza, na data, na hora e no lugar que